

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/27005

Feitos

Con data do 27 de febreiro de 2026 publícase na sede electrónica da Universidade da Coruña a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas da praza 25/27005, de profesor/a asociado/a da área de coñecemento de Construcións Arquitectónicas do departamento de Construcións e Estructuras Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas, acompañada da composición da comisión de selección encargada de xulgar a devandita praza.

Non obstante, debido a unha incidencia detectada no procedemento e co fin de non comprometer a obxectividade no seu desenvolvemento, cómpre adoptar as medidas oportunas para a súa correcta tramitación e, polo tanto, acórdase a substitución da comisión titular.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.6 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que, de non poder actuar a persoa proposta para a presidencia, será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade. No caso de non poder actuar as persoas propostas para a secretaría ou para a vogalía, serán substituídas polo/a primeiro/a vogal suplente e así sucesivamente, garantindo sempre o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

Este reitorado é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispóñense as seguintes substitucións:

Presidencia: substitúese a don Enrique Antelo Tudela por don Jacobo Manuel Díaz García.

Secretaría: substitúese a don Rubén Fernández Prado por don Pablo Daniel García Carrillo.

Vogal: substitúese a dona Patricia Alonso Alonso por dona María Cruz Iglesias Martínez.

Representante do persoal traballador: substitúese a don Carlos Losada Pérez por dona María Inés Pernas Alonso.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández